

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de outubro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as oito horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de outubro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión do día 4 de outubro do corrente, adxudicouse o contrato menor de obras para a execución do investimento denominado "CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL "MANUEL LAMAZARES"" á sociedade SERVIUM SISTEMAS S.L..

Con data 21 de outubro de 2022 (RE-E núm. 523), Don José Paz Paz, na representación da sociedade adxudicataria, renuncia expresamente ao dito

contrato motivado pola *“imposibilidade, no escenario actual, de conseguir os materiais necesarios e de executar os traballos en 14 días laborais como se nos require na adxudicación”*.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da renuncia presentada e procederá a realizar unha nova adxudicación de dito investimento.

### **3.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES”**

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á *“promoción da cultura e equipamentos culturais”*, segundo o establecido no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 6, do 11/01/22).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

#### **ACORDO**

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada *“CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E*

REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES” á sociedade DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (47.234,73 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, e redactado polo arquitecto Don Pablo Pol Barros.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar director da obra ao facultativo redactor do proxecto.

#### 4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbase a seguinte factura e pago:

- ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ 250,00 €

Por realización da actividade “As rescatadoras”, dentro do programa Ler conta moito 2022, s/factura núm. 3922 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as oito horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)